



ORDENANZA REGULADORA DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR DA MANCOMUNIDADE I. V. DO RIBEIRO

FUNDAMENTACIÓN:

A Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora de bases de réxime local, fai referencia expresa como competencia local ós servizos sociais, establecendo no art. 25.1. que o municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover toda clase de actividades e prestar cantos servizos públicos favorezan a satisfacción de necesidades da comunidade veciñal, asemesmo no art. 25.2. contempla que o municipio exercerá competencias nos termos da lexislación do Estado e das comunidades Autónomas en materia de prestación dos servizos sociais e da promoción e inserción Social.

A Lei 13/2008, de 3 de decembro de Servizos Sociais de Galicia, regula o dereito a todas as persoas aos servizos sociais e concretamente no art. 11.1.1) atribúe como unha das funcións dos Servizos Sociais Comunitarios Básicos a Xestión do servizo de axuda no fogar, así como a participación na Xestión das prestacións destinadas a garantir a autonomía persoal e a atención á dependencia, nos termos establecidos na normativa que resulte aplicable.

Por outra banda o Plan Concertado para o desenvolvemento das Prestacións Básicas de Servizos Sociais nas Corporacións Locais (BOE nº 163 di 08/07/1988), permite o desenvolvemento e a consolidación da rede básica dos servizos sociais comunitarios, dende unha perspectiva técnica entre as administracións centrais, autonómica e local e garante as prestacións básicas, entre elas a Axuda no Fogar.

Coa entrada en vigor da Lei 39/2006 do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención às persoas en situación de dependencia e demais normativa estatal, así como a de carácter autonómico, Decreto 15/2010 do 4 de febreiro, polo que se regula o procedemento para o recoñecemento da situación de dependencia e do dereito ás prestacións do sistema para a autonomía e atención á dependencia, O procedemento para a elaboración do Programa Individual de Atención e a organización e funcionamento dos órganos técnico competentes e a Orde do 2 de Xaneiro de 2012, de desenvolvemento do Decreto anterior e principalmente Coa publicación da Orde do 22 de Xaneiro de 2009, pola que Se regula O servizo de axuda no fogar, obríga as entidades locais a reaxustar e realizar unha adaptación das ordenanzas reguladoras do servizo de axuda no fogar, referencia na disposición transitoria primeira da devandita Orde, onde establece que os concellos disporán dun prazo de 6 meses dende o día seguinte da súa publicación para a adaptación das respectivas ordenanzas.

En consecuencia, a actual ordenanza reguladora do Servizo de Axuda no Fogar da Mancomunidade inscribese dentro do ámbito de actuación da normativa anteriormente sinalada e demais lexislación aplicable.



Artigo 1.- Obxecto e definición:

A presente ordenanza ten por obxecto a regulación do Servizo de Axuda no Fogar na Mancomunidade I. V. do Ribeiro, como prestación básica de actuación do servizo sociais comunitarios, inserta nun Sistema integrado de Servizos Sociais, de carácter complementario e transitorio, con planificación, coordinación e control público.

O servizo de axuda no fogar ten por obxecto prestar un conxunto de atencións ás persoas no seu domicilio, dende unha perspectiva integral e normalizadora, con carácter preventivo, educativo e rehabilitador, naquelas situacións que teñan limitada a súa autonomía persoal ou nos casos de desestructuración familiar, facilitando a permanencia no seu propio entorno de convivencia, favorecendo a súa calidade de vida e evitando ou retardando a súa posible institucionalización.

O servizo de axuda no fogar constitúe un conxunto de intervencións profesionais, que teñen por obxecto a atención de situacións de dependencia no entorno do domicilio habitual dos/as usuarios/as, fomentado a autonomía persoal e favorecendo a complementariedade da familia e das redes de apoio á mesma. Este conxunto de intervencións serán realizadas por persoal cualificado e sempre coa supervisión técnica por parte dos servizos sociais comunitarios da Mancomunidade.

A finalidade do SAF é a prestación de atencións e cuidados de carácter persoal, doméstico, psico-social, educativo e preventivo, orientado a facilitar aos usuarios/as a autonomía persoal suficiente no seu medio habitual, mentras isto sexa posible e conveniente.

Artigo 2.- Obxectivos:

O Obxectivo Xeral do SAF é promover unha atención centrada na persoa mellorando a súa calidade de vida, potenciando a súa autonomía e unhas condicións axeitadas de convivencia no seu propio contorno familiar e socio comunitario.

Obxetivos Específicos:

- Favorecer a permanencia das persoas e unidades de convivencia con limitacións de autonomía persoal no seu contorno habitual O maior tempo posible e coa maior calidade de vida.
- Previr situacións de crise persoal ou familiar, prestando un conxunto de atencións a aquelas persoas que se atopan en situacións de carencia de autonomía ou autovalemento.
- Evitar ou retrasar o ingreso das persoas en centros residenciais, sempre que as circunstancias o fagan posible.
- Optimizar as destrezas, capacidades e habilidades persoais e familiares que permitan o máximo grao de autonomía.
- Contribuír á creación de hábitos axeitados para garantir unha condicións de vida dignas.
- Promover cambios favorables na dinámica familiar.
- Apoiar e complementar á familia en situacións de sobrecarga derivadas da atención as persoas dependentes ou de crise familiar.
- Prestar atención, apoio e intervencións de carácter socio educativo a unidades familiares con menores a cargo en situacións de risco ou con atencións deficitarias, ou ben noutras situacións obxecto de intervención social.



- Facilitar aos cuidadores familiares a dispoñibilidade de tempo para actividades de carácter persoal que teñan que realizar fora do domicilio.
- Promocionar outras formas de apoio sociocomunitario e do voluntariado social.

Artigo 3.- Contido do servizo:

O SAF ten consideración de prestación básica, que ofrecerá unha atención integral e polivalente ós/ás usuarios/as, abarcando a cobertura de diferentes necesidades da persoa e/ou familia, apoiando e fomentando os aspectos de relación humana, a autoestima e a mellora das condicións de vida.

Todas as atencións e distintas actividades ás que fai referencia este artigo desenvolveranse reforzando e complementando as capacidades da persoa usuaria ou doutras persoas do seu contorno inmediato, non eliminando nin substituíndo as actividades que a persoa usuaria poida realizar.

As actividades que se van a desenvolver dende o SAF poderán ser complementarias a outras intervencións realizadas polos/as distintos/as profesionais doutros programas e proxectos dos servizos sociais.

Para a realización das diversas atencións para desenvolver dende o SAF, a persoa usuaria deberá dispor ou proveerse dos medios necesarios, contando, si é preciso, cos apoio e asesoramento dos servizos sociais comunitarios.

De conformidade coa valoración técnica realizada polos servizos sociais comunitarios, poderá prestarse os Seguintes tipos de atención , de acordo coa seguinte tipoloxía:

I.- Atencións de carácter persoal na realización das actividades básicas da vida diaria:

Comprende as tarefas dirixidas especificamente á persoa usuaria cando esta non poida realizalas por si mesma ou precise de apoio para levalas a cabo:

- Asistencia para levantarse o deitarse
- Apoio no coidado e hixiene persoal, así como para vestirse.
- Control do réxime alimentario e axuda, se é o caso, para alimentarse.
- Supervisión do estado de saúde, se procede, da administración da medicación prescrita por facultativos.
- Apoio ou axuda para cambios posturais, mobilizacións, orientacións espacio-temporais.
- Apoio a persoas afectadas por problemas de incontinencia.
- Adestramento na realización das actividades da vida cotiá no entorno doméstico que potencien a autonomía do/a usuario/a.
- Acompañamento fora do fogar para acudir a consultas, tratamentos ou a outras actividades de coio e/ou Convivencia social.
- Apoio na realización de Xestións necesarias ou urxentes.

2.- Atencións das necesidades de carácter doméstico e da vivenda, tales como:

- Limpeza e mantemento da hixiene e salubridade da vivenda.
- Compra de alimentos e outros produtos de uso común.



- Preparación de alimentos.
- Lavado, coidado das prendas de vestir e pasar o ferro.
- Coidados básicos da vivenda.
- Calquera outra tarefa necesaria para o normal funcionamento do domicilio do/a usuario/a, referenciada no proxecto individual de intervención.

Este tipo de atencións poderá ser facilitado en parte, se é o caso, por programas específicos de lavandería ou alimentación a domicilio.

3.- Atencións de carácter psicosocial: que favorezan a participación familiar e co entorno, así como de apoio ao desenvolvemento de capacidades persoais tales como a afectividade, a convivencia na estrutura familiar, facilitar actividades de ocio no propio fogar, apoio e orientación nos cambios da dinámica e estruturación familiar, a integración na comunidade, de acompañamento fora do fogar, de apoio para a realización de xestións básicas como facer a compra ou ir ao médico, etc.

4.- Atencións de carácter socioeducativo:

Son aquelas intervencións formativas, entre outras, na adquisición de hábitos e habilidades e de organización, tales como: cambios de hábitos de orde e limpeza, apoio na organización do orzamento familiar, práctica en habilidades Sociais, organización doméstica, apoio no manexo da correspondencia, do teléfono, etc.

5.- Atencións de carácter técnico e complementario:

Son as actuacións que poidan ser necesarias ben para a posta en funcionamento do servizo, ben para que continúe en condicións idóneas ou para permitir unha atención inmediata en situacións de crise ou emerxencia tales como:

- Prestacións de atención a distancia mediante dispositivos de teleseguimento, teleasistencia ou similares.
- Adaptacións funcionais do fogar.
- Prestacións de axudas técnicas.
- Servizo de podoloxía, fisioterapia ou terapia ocupacional.

En ningún caso poderán formar parte das actuacións desenvolvidas polo SAF:

- A realización de actividades domésticas que non fosen incluídas no proxecto de intervencións e no acordo do servizo.
- Actuacións que, polo seu carácter sanitario deban en todo caso ser realizadas por persoal facultativo.



Artigo 4.- Persoas destinatarias:

O SAF estará dirixido a todas as persoas ou unidades de convivencia da Mancomunidad I. V. do Ribeiro para as que, de acordo coa valoración técnica correspondente, supoña un recurso idóneo de atención.

Son potenciais usuarios/as do servizo:

- As persoas maiores con déficits de autonomía.
- Persoas con discapacidade, especialmente cando carezan de apoio persoal no seu contorno inmediato.
- Fogares con menores en que se observe a necesidade dunha intervención de carácter socioeducativo.
- Drogodependentes Suxeitos a tratamentos domiciliarios de desintoxicación.
- Tamén poderá dar unha resposta preventiva e socializadora a diversas situacións de familias en risco de exclusión social.
- En xeral, cando exista unha situación de desatención social ou familiar, avaliada tecnicamente que xustifique a intervención do servizo.

En todo caso, darase prioridade no acceso ao servizo as persoas que teñan un dereito recoñecido de atención dentro do sistema de autonomía e atención a dependencia.

Artigo 5.- Modalidades de acceso ao servizo:

O acceso ao servizo realizarase a través dos servizos sociais comunitarios, de acordo coas seguintes modalidades:

I.- ACCESO DIRECTO:

O acceso ao servizo será directo para as persoas que, tendo recoñecida a situación de dependencia, se lles asigne a axuda no fogar na correspondente resolución do Programa Individual de Atención (PIA), segundo o establecido no Decreto 15/2010, do 4 de febreiro, así como na Orde do 2 de xaneiro de 2012, de desenvolvemento do anterior Decreto.

2.- ACCESO DE LIBRE CONCORRENCIA:

Para as persoas que non teñan o recoñecemento da situación de dependencia, ou non as asista o dereito de acceso efectivo ao catálogo de Servizos de atención á dependencia segundo o calendario de implantación que se establece na Lei 39/2006, o acceso ó servizo, logo de prescripción técnica favorable dos Servizos sociais comunitarios, resolverase en réxime de libre concorrència de acordo cos criterios establecidos neste regulamento.

De igual maneira á expresada no punto anterior procederase nas situacións en que a problemática principal estea relacionada con aspectos convivenciais e socioeducativos e comunitarios.



Nos supostos recollidos neste artigo empregarase un baremo no que, ademais dos posible déficits de autonomía, se valoren factores de carácter persoal e sociofamiliar, o apoio Social, a situación da vivenda e outros que dificulten obxectivamente a normalización social e a calidade de vida.

Artigo 6.- Intensidade e Horario do Servizo:

A intensidade do servizo determinarase, con carácter xeral, en horas mensuais de atención, distribuídas en función das necesidades da persoa usuaria recollidas no proxecto de atención individual.

O SAF estará rexido polos seguintes horarios, que deberán respectar tanto a persoa usuaria e persoas do entorno, coma OS profesionais ou persoal voluntario que interveñan:

- Para os usuarios de LIBRE CONCORRENCIA establécese como período de prestación de servizo de luns a sábado dende as 7:00 hasta as 22:00 horas, quedando excluídos os domingos e festivos, agás naqueles casos que así o requiran e que se contemple na valoración técnica e proxecto individual de intervención.
- Nos casos de acceso na modalidade de libre concorrencia, como norma Xeral o servizo terá unha duración máximo de 60 horas mensuais.
- A intensidade do servizo de axuda no fogar para as persoas atendidas no marco do sistema de autonomía persoal e atención á dependencia estará predeterminada no seu programa individualizado de atención. a Súa aplicación horaria será flexible e conforme co proxecto de intervención, de maneira que, cando menos, se garanta a cobertura das necesidades de atención de carácter persoal na realización das actividades básicas da vida diaria, relacionadas no artigo 4.2la) da orde do 22 de Xaneiro de 2009 pola que se regula o servizo de axuda no fogar todos os días da semana.

Artigo 7.- Criterios de Organización e Procedemento:

O Servizo de axuda no fogar estará integrado nos servizos sociais comunitarios de titularidade mancomunada e será coordinado por un/unha profesional do equipo técnico dos servizos sociais da entidade local, cunha cualificación de diplomado/a en traballo social.

É competencia da Mancomunidad a organización propia do SAF coas funcións de Dirección Técnica do Servizo, Planificación, Programación, Coordinación, Execución, Seguimento, Supervisión, Control e Avaliación. Tamén é competencia mancomunada a recepción, estudo-avaliación e resolución das solicitudes individuais, así como as propostas de altas e baixas.

Asemesmo, a Mancomunidad, como entidade pública, poderá contratar a prestación deste servizo, no ámbito das súas competencias a empresas, cooperativas, entidades privadas, etc, debidamente autorizadas, segundo o regulado na Lei 30/2007 de 30 de outubro, de Contratos das Administracións Públicas.



1.- O procedemento a desenvolver na modalidade de ACCESO DIRECTO, dirixido á persoas con dependencia valorada e que teñen a resolución do programa individual de atención (PIA) onde se determine o servizo de axuda no fogar, terá a consideración de resolución de asignación e incorporación ao servizo, e seguirase o procedemento establecido no Decreto 15/2010, do 4 de febreiro, así como, o establecido na Orde do 2 de xaneiro de 2012 de desenvolvemento do citado Decreto, coas seguintes fases:

Estableceráse o procedemento para iniciar o servizo no caso de prestación directa /ou indirecta:

1.1.- O/A traballador/a social dos servizos sociais comunitarios, realizarán a visita domiciliaria para a valoración da situación actual elaborando o proxecto de intervención (anexo 11) e informe social no que se contemplará a capacidade económica da persoa usuaria e a cota de cofinanciación correspondente cando proceda.

Cando teñan que participar no cotinanzamento do servizo, incorporárase no expediente unha orde de domiciliación bancaria.

1.2.- O servizo iniciarase previa presentación do persoal de atención directa por parte do técnico da Mancomunidad de servizos comunitarios

2.- Na modalidade de LIBRE CONCORRENCIA, será de aplicación o seguinte:

- a) procedemento iniciarase por instancia de parte, de conformidade cos principios Xerais recollidos na Lei 30/ 1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións e do procedemento administrativo común, e cos baremos que se elaboren en desenvolvemento do estipulado nesta orde.
- b) Cando circunstancias debidamente acreditadas no expediente así o xustifiquen, o procedemento de acceso ao Servizo poderá iniciarse de oficio.
- c) As solicitudes dos particulares para acceder ao Servizo deberán ser valoradas en toda caso por un/ha traballador/a social dos servizos sociais comunitarios da Mancomunidad, que, unha vez realizada a correspondente visita domiciliaria, determinará, mediante informe preceptivo e vinculante, a idoneidade do servizo, así como a intensidade recomendable para cada caso concreto.
- d) O órgano competente para ditar a resolución será O/a Alcade/sa ou órgano delegado en virtude da delegación de competencias de conformidade co disposto no artigo 21.1 letra S) da Lei 7/85, de 2 de abril Reguladora das Base de Réxime Local.

3.- Unha vez notificada a resolución de concesión do servizo, deberán acordarse, entre os servizos sociais comunitarios da Mancomunidad e a persoa usuaria, as condicións básicas da prestación, que se substanciarán no acordo do Servizo (ANEXO III).

4.- No caso de extrema e urxente necesidade, debidamente xustificada, mediante resolución motivada polo órgano mancomunado competente ou membro da corporación local responsable en materia de servizos sociais, poderase iniciar de oficio a prestación do servizo de maneira inmediata, por proposta dos servizos sociais mancomunados e sen prexuízo da posterior instrución do correspondente expediente.



5.- Na prestación do servizo, ademáis do persoal profesional, poderá colaborar persoal voluntario baixo a supervisión técnica dos servizos sociais mancomunados, para estes efectos cos procedementos contemplados na lexislación vixente en materia de voluntariado.

Artigo 8.- Procedemento de Acceso e Documentación no caso de libre concorrencia:

A solicitude para acceder ao Servizo Mancomunado de Axuda no Fogar poderá ter lugar a instancia de parte ou ben de oficio a proposta dos Servizos Sociais Comunitarios Mancomunados.

A solicitude formularase por escrito en modelo normalizado, recollido no ANEXO IV da presente Ordenanza, que se facilitará nas dependencias mancomunadas de Servizos Sociais e no Rexistro Xeral da Mancomunidad, onde deberá ser presentada, ou a través de calquera dos medios sinalados no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico da Administracións Públicas e de Procedemento Administrativo Común.

A solicitude deberá ir acompañada da seguinte documentación:

1. Fotocopia do DNI / NIE do/a interesado/a.
2. Volante de empadramento colectivo dos membros de convivencia.
3. Fotocopia da tarxeta sanitaria das persoas beneficiarias do servizo.
4. Xustificantes de ingresos de cada membro da unidade de convivencia computable:
 - a. Declaración da última declaración fiscal da renda ou certificación negativa.
 - b. Xustificantes de pensións, prestacións ou rendas de traballo (INEM, INSS, nóminas, certificacións empresa dos rendimentos de traballo, etc).
 - c. No caso de percepción de ingresos irregulares en contía e periodicidade, tomarase a contía percibida nos doce meses anteriores a da solicitude, mediante unha declaración individualizada e por escrito.
 - d. Certificacións catastrais sobre bens rústicos, urbanos e industriais do último exercicio fiscal impositivo.
 - e. Calquera outro documento acreditativo da situación económica e laboral (vida laboral, contratos laborais, etc).
 - f. Declaración sobre percepción de alugueres.
5. Informe médico, elaborado por persoal facultativo do servizo público de Saúde. Se foran necesarios para valorar a prestación do servizo, poderanse aportar informes médicos complementarios.
6. Xustificantes acreditativos do aluguer, recibos do préstamo hipotecarios ou gastos de reforma da primeira vivenda, se é o caso.
7. Xustificantes acreditativos dos gastos orixinados por enfermidades crónicas, tratamentos especiais, coidados e atencións especiais e precisos.

A administración mancomunada poderá dispoñer que se efectúen as comprobacións oportunas sobre a veracidade dos datos aportados polos/as interesados/as. Igualmente poderá reclamar, as aclaracións por escrito e a documentación necesaria co fin de garantir a correcta cumprimentación do expediente.



Artigo 9.- Tramitación:

1.- Recibida a solicitude xunto coa documentación correspondente, o persoal mancomunado responsable do servizo de axuda no fogar, procederá a comprobar os datos aportados e que a solicitude reúne os requisitos establecidos no presente regulamento comunicando á persoa solicitante que nun prazo de 10 días enmende a falla ou achegue os documentos preceptivos, con indicación de que si non se lúxera así, de acordo co art. 71.lº da lei 30/1192 do 26 de novembro de Réxime Xurídico da Administración Pública e do procedemento administrativo común, se terá por desistido da súa petición.

2.- Unha vez completados os expedientes e realizada a visita domiciliaria así como as entrevistas necesarias, elaborárase o informe - proposta, no que se recollera ademais da información do informe social, os seguintes datos:

- a) Proposta de concesión / denegación.
- b) Causa de denegación no seu caso
- c) Puntuación total.
- d) Intensidade do servizo expresadas mediante horas/mes.
- e) Aportación económica do/a beneficiario/a.
- f) Observacións no seu caso

3.- A proposta de resolución tanto favorable como desfavorable, será sometida a dictame da Xunta de Goberno Local ou Decreto do órgano competente mancomunado en materia de Servizos Sociais, cuxa resolución será remitida por escrito á persoa solicitante.

4.- De ser positiva a resolución, en función da dispoñibilidade do servizo, o/a beneficiario/a pasará a ser alta do SAF, ou ben á lista de espera, e ocupará nela o número de orde que lle corresponda en función da puntuación acadada polo seu expediente trala súa baremación. No caso de igualdade de puntuación a prioridade establecerase pola antigüidade na lista de espera.

A concesión do servizo considerase prorrogada en tanto non se acorde a súa baixa por Resolución do Órgano Mancomunado Competente ou ben presente baixa xustificada da persoa interesada.

Contra a denegación do servizo, a persoa interesada poderá interpoñer os recursos e reclamacións estipulados na lexislación vixente.

5.- Este procedemento poderase acurtar cando unha situación reciba a consideración de urxente segundo o criterio do/a Traballador/a Social dos Servizos Sociais mancomunados. A súa xustificación estará motivada por presentarse a necesidade de forma imprevista e de supeto e/ou en situacións de alto risco e terá a validez só mentres se manteña a situación desencadeante. A súa desaparición levará consigo a extinción do carácter urxente do caso e pasará ao proceso ordinario de resolución da petición.

6.- Para a posta en funcionamento do servizo será requisito previo e imprescindible que o/a usuario/a asine un contrato interno a modo de compromiso de respecto ás normas do servizo, as tarefas a desenvolver, horarios, días e achega económica correspondente.



Artigo 10.- Requisitos:

Son requisitos Xerais para ter acceso ó servizo:

- Estar empadroadado/a e con residencia efectiva nun concello da Mancomunidad.
- Facilitar a documentación requirida para efectuar a solicitude.

Artigo 11.- Prazo de presentación de solicitudes:

O prazo de presentación de Solicitudes estará aberto todo o ano.

Artigo 12.- Profesionais que intervén no servizo :

O persoal integrante do Servizo Social de Base da Mancomunidad realizará as tarefas que se poñen de manifesto na presente Ordenanza.

Artigo 13.- Dereitos das persoas usuarias do servizo:

1. O respecto da dignidade da persoa, da súa autonomía e intimidade e do seu bienestar orientará a actuación pública e a actividade das persoas profesionais e entidades xestoras de servizos Sociais.

2. Se reconece o dereito aos servizos sociais, como dereito subxectivo, cando se trate de servizos e prestacións esenciais recoñecidos como tales na lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia.

3. Asemesmo, todas as persoas, en tanto que usuarias/os dos servizos sociais, terán os seguintes dereitos con relación ao sistema galego de servizos sociais:

a) A utilizar o sistema de servizos sociais en condicións de igualdade e sen discriminación por razón de nacemento, raza, sexo, orientación sexual, estado civil, idade, situación familiar, discapacidade, ideoloxía, crenza, opinión ou calquera outra circunstancia persoal, económica ou social.

b) A recibir un trato acorde á dignidade da persoa e ao respecto dos dereitos e liberdades fundamentais, tanto por parte do persoal como das persoas implicadas no centro, programa ou servizo.

c) A unha intervención individualizada acorde coas súas necesidades específicas, así como a que se lles asista nos trámites necesarios de cara o seu acceso á atención social, sanitaria, educativa, cultural e, en xeral, a todas as necesidades persoais que sexan precisas para conseguir o seu desenvolvemento integral.

d) A recibir información de maneira áxil, suficiente e veraz, e en termos comprensibles, sobre os recursos e prestacións do sistema galego de servizos sociais.

e) A ter asignada unha persoa profesional de referencia que actúe como interlocutora principal e que asegure a coherencia e a globalidade no proceso de intervención social.



f) Á confidencialidade, sigilo e respecto en relación aos seus datos persoais e información que sea coñecida polos servizos sociais en razón da intervención profesional, sen prexuízo do posible acceso aos mesmos no exercizo dunha acción inspectora, de conformidade coa lexislación vixente en materia de protección de datos de carácter persoal.

g) A acceder ao seu expediente persoal e a obter copia do mesmo.

h) A elixir libremente, dentro da capacidade de oferta do sistema e previa valoración técnica, o tipo de medidas ou de recursos adecuados para o seu caso.

i) A rexeitar a oferta de participación en servizos ou programas que lles oferte o sistema, ou, no seu caso, a que o seu consentimento, libre e expreso, sexa requirido para a participación nun programa, sen prexuízo do cumprimento debido das resolucións xudiciais cando estea limitada a súa capacidade de obrar.

k) Á calidade dos servizos e prestacións recibidas, podendo presentar suxerencias e reclamacións.

l) A dar instrucións previas respecto á asistencia ou cuidados que se lles poidan administrar, ao obxecto de hacer fronte a situacións futuras en cuxas circunstancias non sexan capaces de expresalas persoalmente.

Artigo 14º.- Obrigas das persoas usuarias do servizo:

As persoas usuarias dos servizos sociais terán os seguintes deberes:

a) Cumprir as normas, requisitos e procedementos para o acceso ao servizo de axuda no fogar da Mancomunidad, facilitando información precisa e veraz sobre as circunstancias determinantes para a súa utilización e comunicando as variacións que experimenten as mesmas.

b) Comunicar ao persoal de referencia calquera cambio significativo de circunstancias que poidera implicar a interrupción ou modificación sustancial da intervención proposta polos servizos sociais.

c) Colaborar co persoal encargado de prestarlle a atención necesaria, acudindo ás entrevistas cos mesmos e seguindo os programas e orientacións que lles prescriban.

d) Manter unha actitude positiva de colaboración coas persoas profesionais dos servizos sociais, participando activamente no proceso que xenere a intervención social na que sexan destinatarias.



- e) Participar de maneira activa no seu proceso de mellora, autonomía persoal e inserción social.
- f) Contribuír á financiación do custo dos servizos con arranxo á normativa vixente.

Artigo 15º.- Obrigas da Mancomunidad en relación co servizo:

- a).- Manter actualizados permanentemente os datos que obren no Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais.
- b).- Acreditar no primeiro trimestre do ano o mantemento das súas actividades mediante a presentación no Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais da memoria de actividades do ano anterior. Unha vez incorporada, a memoria anual poderá consultarse por todos/as os/as cidadáns. A falta de acreditación da memoria durante dous anos consecutivos, determinará a cancelación de oficio da inscrición da entidade no Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais.
- c).- Facilitar á Administración autonómica toda a información que solicite no exercicio das súas competencias.
- d).- Estar suxeita as potestades inspectora e sancionadora da consellería con competencias en materia de servizos sociais.
- e).- Someter ao réxime de autorización regulado no Decreto 254/2011, os centros, programas e/ou servizos da súa titularidade, de conformidade coa normativa autonómica que os define e regula.
- f).- Informar previamente as persoas usuarias, de xeito claro e comprensible sobre o réxime dos servizos que prestan, as súas condicións, os prezos ou tarifas que se van cobrar, cando procedan, e a forma de pagamento.
- g).- Velar polo bo estado xeral e de conservación dos equipamentos e instalacións onde se presten servizos e dispensar ás persoas usuarias un trato correcto e non discriminatorio.
- h) Dispoñer en cada instalación aberta ao público dun libro de reclamacións a disposición das persoas usuarias, dos seus familiares, representantes legais ou titores e/ou dun procedemento que garanta a xestión das queixas e das suxestións presentadas. i) Remitir á inspección de servizos sociais da Xunta de Galicia unha copia das reclamacións presentadas, no prazo máximo de tres días hábiles, xunto cun informe xustificativo dos antecedentes e das actuacións realizadas para a súa xestión.



Artigo 16º.- Causas de extinción, modificación ou suspensión temporal do servizo:

1.- Serán causas de **extinción** do servizo de axuda no fogar, e por conseguinte a baixa no mesmo, as Seguintes:

- a) Por renuncia ou desestimento da persoa usuaria.
- b) O cambio de programa individual de atención ou proxecto de intervención que implique un cambio de asignación de recurso e a súa incompatibilidade co servizo de axuda no fogar.
- c) Traslado definitivo da súa residencia a outro lugar.
- d) Baixa nos padróns municipais de habitantes dos concellos da Mancomunidad.
- e) Falecemento da persoa usuaria ou ingreso en residencia.
- f) Desaparición das causas que motivaron o servizo.
- g) Incumprimento reiterado dos deberes e obrigas establecidas para as persoas usuarias na prestación do servizo.
- h) Incumprimento das condicións establecidas con contrato de prestación do Servizo ou no regulamento interno de funcionamento do mesmo.
- i) Impago das cotas correspondentes durante tres meses consecutivos ou alternos.
- j) Cando a familia e/ou usuario/a ocultaran datos económicos ou de outra índole para acceder ao servizo.

2.- Serán causas de **modificación** das condicións da prestación do servizo de axuda no fogar as seguintes:

- a) A alteración das circunstancias tidas en conta para a concesión do servizo poderá dar lugar a modificación das condicións de prestación nas que fora concedido inicialmente. Os cambios de circunstancias en calquera caso, deberán substanciarse no expediente individual, mediante un novo informe e acordo do servizo.
- b) As modificacións tamén poderán producirse a petición da persoa interesada/o mediante solicitude subscrita pola mesma e coa valoración do/a traballador/a social dos servizos sociais comunitarios, á vista dos posibles cambios da situación que motivou a concesión.
- c) As persoas usuarias que tiveran accedido ao servizo de axuda no fogar polo sistema de libre concorrència, e fosen valoradas con posterioridade correspondéndolles a efectividade do dereito, poderán ver modificadas as condicións da prestación do servizo conforme ao establecido no programa individual de atención e a normativa de aplicación.

3.- Serán causas de **suspensión temporal** do servizo de axuda no fogar as seguintes:

- a) A ausencia temporal do domicilio, neste caso o servizo poderá suspenderse por un máximo de tres meses, debendo acreditar a persoa usuaria as causas que motivaron esta ausencia.
- b) Modificación temporal das causas que motivaron a necesidade do servizo, esta suspensión durará mentres persista o cambio das circunstancias causantes da situación.
- c) Cando outra persoa ou entidade asuma a atención do/a usuario/a por un período non superior a tres meses.



RÉXIME ECONÓMICO E FINANCIERO

Artigo 17.- Financiamento do Servizo

O Servizo de axuda no fogar da Mancomunidad I. V. do Ribeiro, financiarase coas achegas económicas das administracións públicas pertinentes, o presuposto da Mancomunidad e as aportacións dos/as usuarios/as en aplicación dos baremos aprobados pola Mancomunidad e establecidas na ordenanza fiscal reguladora da taxa pola prestación do SAF.

Artigo 18.- Determinación da capacidade económica das persoas usuarias do SAF:

1.- Para os efectos deste artigo considerase persoa usuaria aquela para a cal se solicite o servizo. No caso de intervención con familias, entenderase como persoa usuaria un dos membros adultos da unidade de convivencia responsable dos menores que formen parte dela.

2.- A capacidade económicas das persoas usuarias do SAF calcularase en atención á súa renda e, se é o caso, ao seu patrimonio. Teranse en conta, ademais, as persoas convivintes economicamente dependentes, de acordo co establecido nos párrafos seguintes.

3.- A renda valorarase atendendo aos ingresos netos que se perciban, que comprenderán os rendementos de traballo, incluídas pensións e prestacións de previsión social, calquera que sexa o seu réximeg os rendementos de capital mobiliario e inmobiliario; os rendementos das actividades económicas e as ganancias e perdas patrimoniais. Dos ingresos netos deduciranse os gastos derivados de alugueres, hipotecas ou de reforma sempre da la vivenda e residencia habitual e permanente, ata un máximo do valor equivalente o 60% do IPREM vixente e de forma excepcional poderase deducir os gastos orixinados polos tratamentos e coidados especiais derivados de enfermidades crónicas.

4.- Para o cómputo do patrimonio estarase ao disposto na normativa fiscal en vigor sobre o patrimonio, entendéndose por tal o conxunto de bens e dereitos de contido económico de que sexa titular a persoa usuaria do servizo, con deducións das cargas e gravames que diminúan o seu valor, así como as débedas e obrigas persoais das que deba responder.

Considéranse exentos do cómputo a vivenda habitual en que se preste o servizo e os bens e dereitos cualificados como exentos na normativa aplicable sobre o imposto do patrimonio. Nos supostos de cotitularidade, só se terá en consideración a porcentaxe correspondente á propiedade do/a beneficiario/a.

5.- No caso de que a persoa usuaria tivese cónxuxe ou parella de feito, as rendas de ambos os dous terán a consideración de rendas computables, entendéndose neste caso por renda persoal a metade da suma dos ingresos de ambos os dous membros da parella.



6.- A capacidade económica por razón de renda determinarase dividindo a renda ou rendas computables, de acordo co número anterior, entre a suma dos seguintes convivintes: o perceptor ou perceptores de rendas computadas e, se é o caso, o cónxuxe e os ascendentes ou fillos/as menores de 25 anos, ou maiores desta idade en situación de discapacidade, que dependesen economicamente dos citados perceptores.

7.- A capacidade económica resultante sera a correspondente á renda da persoa usuaria, calculada de acordo cos números anteriores, modificada á alza, se fose o caso, pola suma dun 5% do valor do patrimonio neto que supere o mínimo exento para a realización da declaración do imposto sobre o patrimonio en vigor a partir dos 65 anos de idade, dun 3% dos 35 aos 65 anos e dun 1% os menores de 35 anos.

8.- Para o cómputo da renda ou do patrimonio teranse en conta os datos correspondentes á última declaración fiscal dispoñible ou pensión coñecida.

9.- Realizarase unha revisión anual para a actualización da información relativa á capacidade económica das persoas usuarias do SAF

10.- No nivel de renda dos/as beneficiarios/as, e de acordo ao establecido na Disposición Adicional Sexta da Lei 39/2006, non se terán en consideración como renda a contía das prestacións públicas vinculadas ao servizo para coidados no contorno familiar e de asistencia personalizada que se derivan da aplicación deste texto lexislativo.

Artigo 19 .- Participación no financiamento do servizo das persoas usuarias:

1.- Quedará exenta da obriga de participar no custo do servizo a persoa usuaria cuxa capacidade económica sexa igual ou inferior ao indicador publico de rendas de efectos múltiples (IPREM) que cada ano publique o goberno na Lei de presupostos do Estado

2.- Para o resto dos supostos, establécese a seguinte regulación progresiva do copagamento do servizo, fixada na ordenanza fiscal correspondente actualizada segundo O IPREM, e que deberá respectar en todo caso os límites expresados na seguinte escala:

RENDA PER CÁPITA INGRESOS EN RELACIÓN AO IPREM	COPAGAMENTO DA PERSOA USUARIA
Menor ou igual ao 80% do IPREM	Acceso gratuito
Entre o 80% e o 150% do IPREM	25%
Entre o 150% e o 200% do IPREM	40%
Entre o 200% e o 250% do IPREM	60%
Máis do 250% do IPREM	80%



3.- Sen prexuízo do establecido no punto anterior, poderán preverse excepcións aos criterios xerais nos casos en que a problemática principal atendida sexa a desestructuración familiar e se procure a protección e integración social de menores de idade en risco de exclusión, mediante resolución motivada do órgano competente para acordar a concesión do servizo, da que deberá deixar contancia no correspondente expediente.

4.- As liquidacións de prezos practicaranse por meses naturais e o abono efectuarase mediante cargo na conta bancaria que a persoa solicitante dos servizos de axuda no fogar facilitará no impreso normalizado.

5.- O baremo para calcular a achega da persoa usuaria polas atencións domiciliarias será obxecto de actualización segundo a contía anual do IPREM.

Artigo 20.- Baremo de Puntuación total:

Se a solicitude presentada cumpre os requisitos sinalados, a traballadora social dos servizos sociais mancomunados fará unha valoración e sinalará unha puntuación segundo o baremo que, xunto coa data de presentación da solicitude, condicionarán o lugar a ocupar na listaxe de espera.

DISPOSICIÓN TRANSITORIA:

As persoas beneticiarias dos servizos na actualidade, disporán dun prazo de tres meses a contar dende a entrada en vigor do presente regulamento para presentar a documentación necesaria de conformidade co establecido no artigo 8 do mesmo, a efectos de valorar o prezo público que poidera corresponderlles aboar.

Unha vez presentada a documentación citada, a Mancomunidad emitirá proposta de resolución nun prazo máximo de dous meses, que determinará, no seu caso, o importe a aboar por cada usuario/ a do servizo de acordo coa ordenanza reguladora.

DISPOSICIÓN FINAL:

O presente Regulamento, unha vez aprobado detinitivamente e publicado na forma legal establecida, entrara en vigor conforme ao previsto no art. 70.2 e 65.2, da Lei 7/ 1985, de 2 de abril, reguladora de bases de réxime local.

Beade, 22 de maio de 2012.

O PRESIDENTE,



Asdo.: Francisco José Fernández Pérez.



ANEXO I

BAREMO PARA DETERMINAR A ASIGNACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR EN REXIME DE LIBRE CONCORRENCIA.

FACTOR 1.- AUTONOMÍA PERSOAL (máximo total 40 puntos)

O valor asignado en función da falla de autonomía das persoas será o que se deduza da valoración realizada polos órganos oficiais competentes para a valoración de discapacidade e do grao de dependencia.

As persoas dependentes valoradas que, polo calendario oficial da implantación, teñan dereito á prestación pola vía de acceso directo do sistema da dependencia (PIA con posible asignación de servizos de axuda no fogar) non poderán acceder polo sistema de libre concorrència.

A asignación de valor en función do factor autonomía persoal realizarase de acordo coa seguinte taboa:

TÁBOA DE EQUIVALENCIA PARA A VALORACIÓN DO NIVEL DE AUTONOMIA PERSOAL				
Grao de discapacidade, sen Valoración de ATP ou BVD	Grao de discapacidade + Axuda terceira persoa 8rd 1971/1999)	Grao de discapacidade + axuda terceira persoa. Puntuación BVD (RD 504/2007)	Situación de dependencia (Decreto 176/2007)	Puntuación Nivel de Autonomía persoal
Carencia de Autonomía pero pendente de valoración				5
De 33% a 64% de discapacidade				5
De 65% a 74% de discapacidade				10
75% - 100%	75% - 100% de discapacidade e ata 14 pts ATP	75% discapacidade e ata 24 pts BVD		14
		25-39 pts BVD	Grao I, Nivel 1	20
81% - 87%	75% - 100% de discapacidade e 15-29 pts ATP	40-49 pts BVD	Grao I, Nivel 2	24
		50-64 pts BVD	Grao II, Nivel 1	30
88% - 93%	75% - 100% de discapacidade e 30-40 pts ATP	65-74 pts BVD	Grao II, Nivel 2	32
		75-89 pts BVD	Grao III, Nivel 1	38
94% - 100%	75% - 100% de discapacidade e 45-72 pts ATP	60-100 pts BVD	Grao III, Nivel 2	40



FACTOR-2: APOIO SOCIAL (máximo total 20 puntos)

	Puntos
A persoa vive soa e carece de familiares e/ou redes distintas de apoio (20 puntos)	<input type="text"/>
A persoa vive soa, carece de familiares e só ten apoio do contorno vecinal ou outras redes (18 puntos).....	<input type="text"/>
A persoa convive con persoa sen capacidade para atendelo (ata 12 puntos).....	<input type="text"/>
Cunha persoa maior de 70 anos (3 puntos)	<input type="text"/>
Cunha persoa con discapacidade ou dependencia (3 puntos)	<input type="text"/>
Cunha persoa que carece de tempo (3 puntos)	<input type="text"/>
Con incapacidade para organizarse (3 puntos)	<input type="text"/>
Os familiares neganse a atendelo/a aínda que teñan posibilidades (8 puntos)	<input type="text"/>
Vive só/soa pero hai familiares con posibilidade de atendelos no mesmo concello ou a menos de 20 km (5 puntos)...	<input type="text"/>
Está ben atendido (0 puntos)	<input type="text"/>
TOTAL PUNTOS APOIO SOCIAL	<input type="text"/>

FACTOR-3: SITUACIÓN FAMILIAR (máximo total 20 puntos)

3.1. Conflito (máximo total 4 puntos)

	Puntos
Cun membro xerador de conflito de nivel moderado (1 punto)	<input type="text"/>
Cun membro xerador de conflito de nivel grave (2 puntos)	<input type="text"/>
Con mais dun membro xerador de conflito de nivel moderado (3 puntos)	<input type="text"/>
Con mais dun membro xerador de conflito de nivel grave (4 puntos)	<input type="text"/>

3.2. Limitacións de rol (máximo total 2 puntos)

	Puntos
Familias nas que ambos proxenitores, titores ou cuidadores teñan importantes limitacións físicas ou psíquicas para proporcionar unha axeitada atención a persoa (2 puntos).....	<input type="text"/>

3.3. Monoparentalidade (máximo total 2 puntos)

	Puntos
Familias monoparentais que por distintas circunstancias (saúde, traballo, idade avanzada...) non poidan atender aos menores ou persoas solicitantes (2 puntos)	<input type="text"/>



3.4. Habilidades parentais (máximo total 2 puntos)

Puntos

Familias con escasas habilidades parentais (carencia de hábitos alimenticios, aseo persoal, administracións do orzamento, ausencia de roles, organización.) (2 puntos)

3.5. Número de menores ou persoas en situación de vulnerabilidade (máximo total 10 puntos)

Puntos

Un (3 puntos)

Dous (5 puntos)

Tres (7 puntos)

Catro ou máis (10 puntos)

TOTAL PUNTOS SITUACIÓN FAMILIAR

FACTOR-4: OUTROS ASPECTOS SOCIAIS (máximo total 20 puntos)

4.1. Vivenda (total 10 puntos)

Puntos

Non hai luz eléctrica (1 punto)

Non hai auge corrente (1 punto)

Non posúe WC (1 punto)

Non posúe Cuarto de baño completo (1 punto)

Non ten neveira (1 punto)

Non ten calentador (1 punto)

Non ten lavadora (1 punto)

Non reúne condicións mínimas de hixiene/habitabilidade (1 punto)

Existen barreiras arquitectónicas no interior da vivenda (1 punto)

Existen barreiras arquitectónicas no exterior da vivenda (1 punto)



4.2. Integración no contorno (total 10 puntos)

Puntos

Situación de illamento ou de rexeitamento (10 puntos)	<input type="text"/>
Ausencia de relacións sociais (6 puntos)	<input type="text"/>
Existen escasas relacións coas persoas do contorno (4 puntos)	<input type="text"/>
Integración axeitada no contorno (0 puntos)	<input type="text"/>

TOTAL PUNTOS OUTROS ASPECTOS SOCIAIS.....

RESUME	PUNTOS
FACTOR I: Total puntos autonomía persoal	<input type="text"/>
FACTOR II: Total puntos apoio social	<input type="text"/>
FACTOR III: Total puntos situación familiar/socialización menores	<input type="text"/>
FACTOR IV: Total puntos outros aspectos sociais	<input type="text"/>

TOTAL XERAL **PUNTOS**



ANEXO II

SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR: PROXECTO DE INTERVENCION

1.- Datos de identificación do expediente:

Expediente¹:

Intervención nº²

Data de solicitude:

Data de inicio:

Sector referencia³:

Ámbito de atención³:

Nº total de usuarios:

Nome e apelidos:

Data nacemento:

DNI:

Sexo:

Estado Civil:

Proxecto:

Data do proxecto:

Data fin do proxecto:

Antecedentes relevantes:

2.- Atención que se prestará:

Dias semana:

Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres	Sábado	Domingo	Nº H/S	Horario

Tipo de servizo a prestar⁴:

Perfil dos/as profesionais:

Outros Servizos:

3.- Existencia doutros servizos/apoios prestados a domicilio:

Existencia: **SI NON**

Nº de horas semanais:

Servizos/Apoios:



4.- Obxectivos específicos e tarefas que se propoñen:

Obxectivos do servizo proposto:

Tarefas que se realizarán:

5.- Periodicidade do seguimentos (mínimo bimensual)

Técnico Responsable,

Asdo.:.....

- (1) Identificación do expediente en SIUSS
- (2) Nº de orde desta intervención en relación co total realizadas neste expediente,
- (3) Tipoloxía SIUS
- (4) Pódese empregar a tipoloxía SIUS



ANEXO III

SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR: ACORDO DO SERVIZO

Reunidos en _____ o día / / dunha parte don/dona
..... con DNI, e doutra
....., en calidade de técnico/a responsable do servizo de axuda no fogar
da Mancomunidad I. V. do Ribeiro,

ACORDAN:

- 1.- Que a Mancomunidad prestará o Servizo de Axuda no Fogar (SAF), á persoa arriba citada, dende o día do de
- 2.- Que a prestación do servizo de axuda no fogar realizarase por un prazo de, con posibilidade de prórroga segundo valoración do departamento de servizos sociais.
- 3.- Que o SAF se levara a cabo os días da semana en horario de , por un total de horas mensuais.
- 4.- Que atendendo a Orde do 22 de Xaneiro de 2009, que regula o servizo de axuda no fogar, a Ordenza fiscal mancomunada que regula as taxas do SAF e a aplicación do baremo que corresponde, a persoa usuaria comprométese a achegar o % como contribución ao custo do servizo.
- 5.- Que a persoa usuaria acepta domiciliar o aboamento da taxa do SAF establecido, na entidade bancaria da súa elección, no número de conta autorizada para tal efecto.
- 6.- Que, de acordo co proxecto de intervención establecido para o caso, as actividades que se fixan inicialmente para o desenvolvemento do SAF son as seguintes:

Atencións de carácter persoal	
Atencións persoais en outras actividades	
Atencións de carácter doméstico	
Atencións de carácter psicosocial e educativo	
Atencións de carácter complementario	

- 7.- Que as tarefas que se fixan inicialmente para o desenvolvemento do SAF, e que serán levadas a cabo polo persoal auxiliar serán as seguintes:
- 8.- Que, así mesmo, a persoa usuaria, a súa familia ou persoas achegadas se comprometen a levar a cabo as seguintes tarefas:
- 9.- Que as modificacións que puidense haber nas condicións inmediatamente estipuladas neste acordo deberán ser recollidas nun documento novo asinado pola persoa usuaria e a persoa responsable do SAF, sendo anexada ao acordo inicial.
- 10.- Que o servizo se prestara atendendo as condicións reguladas na Orde do 22 de xaneiro de 2009, que regula o servizo de axuda no fogar, a na ordenanza mancomunada sobre o SAF, onde están recollidos os dereitos e obrigas da persoa usuaria, baixas temporais e causas de extinción.

Ambas partes dan a súa conformidade a este acordo de prestación do SAF e asinao.

_____ a de de

A persoa usuaria

O/A técnico/a responsable



ANEXO IV

SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR: SOLICITUDE DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR

Don / Dona

Con DNI núm, Estado Civil

Data de nacemento, Enderezo

Telefónos /

EXPÓN:

Que precisa apoio na realización das tarefas que a continuación se sinalan para Continuar no seu contorno habitual:

- Atencións de carácter persoal:

- Atencións de carácter doméstico:

- Atencións de apoio psicosocial:

- Atencións de carácter socioeducativo:

- Atencións de carácter técnico e complementario:

Por isto, **SOLICITO** sexa admitida a trámite a miña solicitude do Servizo de Axuda no Fogar, para que se proceda á valoración pertinente para a miña inclusión no servizo.

En _____ a de de

Asdo.:

SR. PRESIDENTE DA MANCOMUNIDADE I.V. DO RIBEIRO